



PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2024/25 (PL500A)

PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN DA COMISIÓN CENTRAL DE CUALIFICACIÓN

Mediante a Resolución do 11 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral da Lingua, anunciouse a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios para o curso escolar 2024/25 (PL500A) (DOG núm. 2, do 03.01.2025).

Tras concluír o prazo de presentación de solicitudes e a revisión da documentación achegada, as comisións provinciais de cualificación avaliaron os proxectos admitidos e fixaron a puntuación asignada a cada un conforme os criterios establecidos na base 9 da convocatoria.

Unha vez rematadas as sesións das comisións provinciais, e despois de que a Comisión Central de Cualificación se reunise co fin de establecer a valoración económica dos proxectos, elabórase, de acordo coa base 12 da convocatoria, esta proposta provisional de resolución, que inclúe as listaxes por provincias coa puntuación outorgada a cada proxecto e mais o financiamento asignado a cada centro, conforme os criterios sinalados na base 11, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes.

Así mesmo, segundo o previsto na convocatoria, esta proposta provisional publícase na páxina web da Secretaría Xeral da Lingua (<https://www.lingual.gal>). Os centros interesados disporán de 10 días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da súa publicación, para formular as alegacións que consideren oportunas ante a xefatura do gabinete de normalización lingüística da provincia que corresponda, nos lugares e na forma indicados na base 5 da convocatoria. En todo caso, os centros que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico ao gabinete de normalización lingüística da súa provincia, no que indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

A presidenta da Comisión Central de Cualificación

María Lourdes Batán Aira

